



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO  
REXIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"



Actuación cofinanciada por la Unión Europea a través del Fondo Europeo de Desarrollo Regional (FEDER) con una tasa de cofinanciación del 80%, dentro del Programa Operativo FEDER de Crecimiento Sostenible 2014-2020 enmarcado dentro de la estrategia de Desarrollo Urbano Sostenible e Integrado de Pontevedra de conformidad con la Resolución de 12 de diciembre de 2016 de la Secretaría de Estado de Presupuestos y Gastos del Ministerio de Hacienda y Función Pública (BOE 14/12/2016)

## CONVOCATORIA DE MANIFESTACIÓN DE EXPRESIÓN DE INTERESE PARA POTENCIAIS BENEFICIARIOS DE AXUDA FEDER NO MARCO DA ESTRATEXIA EDUSI MÁIS MODELO PONTEVEDRA, COFINANCIADA POLO PROGRAMA OPERATIVO DE CRECEMENTO SOSTIBLE

### 1. Organismo convocante

A Unidade de Selección de Operacións (USO) do Concello de Pontevedra, na súa condición de Organismo Intermedio para a selección de operacións dos eixos 12 e 13 do Programa Operativo FEDER de Crecemento Sostible e de aplicación á Estratexia MAIS MODELO Pontevedra.

### 2. Descrición Xeral do procedemento.

O documento "Acordo de compromiso en materia de asunción de funcións para a xestión FEDER do Concello de Pontevedra", xunto co Manual de procedemento para a selección de operacións, deu lugar á designación do Concello de Pontevedra como Organismo Intermedio para a selección de operacións (OIL) no Marco da Estratexia MAIS MODELO Pontevedra. No Manual de procedemento defínese que a selección de operacións realizarase a partir de convocatorias de expresións de interese dos beneficiarios potenciais, seguindo o disposto polo Organismo Intermedio de Xestión e a Autoridade de Xestión para a selección e asignación de axudas do FEDER no marco dos eixos 12 e 13 do Programa Operativo de Crecemento Sostible.

Esta metodoloxía de selección de axudas aplícase unicamente a actuacións desenvolvidas por departamentos da Administración Local no exercicio das competencias especificamente atribuídas e que contan con asignación FEDER para levar a cabo operacións elixibles que se axusten aos eixos 12 e 13 do Programa Operativo de Crecemento Sostible, á estratexia DUSI MAIS MODELO PONTEVEDRA, ao documento de Criterios de Priorización e Selección de Operacións (CPSO), aos plans e estratexias pertinentes e á normativa comunitaria, estatal e autonómica de aplicación.

Concretamente, con esta convocatoria preténdese dar inicio ao procedemento de selección de operacións de execución directa polos departamentos municipais que conforman a Unidade de Execución da estratexia DUSI MAIS MODELO PONTEVEDRA, e que está descrito no apartado 2.3.2 do Manual de Procedemento para a selección de operacións do Concello de Pontevedra. Este procedemento aplicarase a aquelas operacións cuxo inicio e execución corresponde ao departamento que presenta a solicitude, o cal terá a consideración de beneficiario aos efectos do artigo 2 do Regulamento (UE) nº1303/2013, e deberá asumir todas as obrigas e compromisos que se especificarán no documento polo que se establecen as condicións da axuda (DECA), que lle será entregado conforme ao disposto no artigo 125.3 c) do Regulamento (UE) nº 1303/2013 e o apartado 2.3.3 do Manual de Procedemento para a selección de operacións do Concello de Pontevedra .

A USO (Unidade de Selección de Operacións), como unidade responsable da selección de operacións no seo do OIL (Organismo Intermedio Lixeiro), realizará a selección das operacións a partir das expresións de interese remitidas polos departamentos interesados. Seguindo o disposto no Manual de procedementos, deixarase constancia documental de todas as expresións de interese recibidas e comunicaranse as decisións adoptadas sobre a aceptación ou rexeitamento das solicitudes mediante a remisión da correspondente acta de comunicación sobre a aceptación da selección de operación.

### 3. Ámbito temporal do procedemento.

A presente convocatoria ten por obxecto abrir o procedemento para remitir as propostas de operacións para a súa selección e financiamento FEDER, no marco da estratexia MAIS MODELO Pontevedra para os eixos 12 e 13 PO de Crecemento Sostible. Así, o prazo de presentación das solicitudes de axuda estará aberto de forma continuada desde a publicación da presente





FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO  
REGIONAL  
*"Unha maneira de facer Europa"*

UNIÓN EUROPEA



convocatoria na páxina web do Concello de Pontevedra <http://sede.pontevedra.gal/> ata o 27 de decembro de 2019.

4. Documentación a presentar polos potenciais beneficiarios.

Os departamentos do Concello de Pontevedra interesados en presentar propostas de operacións para o seu financiamento no marco da estratexia MAIS MODELO Pontevedra remitirán á USO a solicitude de selección (expresión de interese) e a ficha da operación, que se acompaña á presente convocatoria, debidamente cumprimentada e coa información requirida, de maneira que sexa suficientemente descriptiva da operación.

Esta documentación remitirase por correo electrónico á USO, escaneda e asinada. O correo electrónico a remitir a documentación será: [fondos2020@pontevedra.eu](mailto:fondos2020@pontevedra.eu)

O solicitante poderá presentar toda aquela documentación adicional que considere de interese para a adecuada valoración da solicitude.

O que se asina polo responsable da Unidade de Selección de Operacións na data que consta na sinatura electrónica

